



**XUNTA  
DE GALICIA**

Fundación Cidade da Cultura de Galicia  
Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás  
15707, Santiago de Compostela  
T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 577  
cidade.cultura@xunta.gal  
www.cidadedacultura.gal



**FUNDACIÓN  
CIDADE  
DA CULTURA  
DE GALICIA**

**galicia**

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E O CONSELLO DA CULTURA GALEGA PARA COOPERACIÓN NA EXPOSICIÓN “GALICIA, UN RELATO NO MUNDO”.**

En Santiago de Compostela a 14 de xuño de 2019

### **REUNIDOS**

Dunha parte,

**A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, co NIF G-15721640 e domicilio social na Cidade da Cultura de Galicia situada no Monte Gaiás, s/n, Santiago de Compostela.

Está representada neste acto por D<sup>a</sup> Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados para o efecto polo Padroado da Fundación en sesión do 16 de decembro de 2016.

Doutra parte,

**O CONSELLO DA CULTURA GALEGA**, co NIF Q-6550003-E e domicilio social no Pazo de Raxoi, 2º andar, Santiago de Compostela.

Está representada neste acto por D<sup>a</sup>. Rosario Álvarez Blanco, na súa condición de Presidenta, en función das atribucións que lle foron conferidas mediante o Decreto 67/2018, do 21 de xuño (DOG 123 do 28 de xuño).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

### **EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída o 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura e Turismo que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

**Segundo.-** Que segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”*.





Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a FUNDACIÓN pode realizar (en outras) as seguintes actividades:

- a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- c) As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.*
- d) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.*
- e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada. [...].”*

En vista do anterior, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia leva a cabo todo tipo actividades culturais que promovan a difusión cultural do noso Patrimonio, entre as que se atopa **“GALICIA, UN RELATO NO MUNDO”**, que se celebrará nos anos 2019 e 2020 no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia. No marco desta exposición disporase un lugar destacado para a Emigración Galega e a diáspora, un fenómeno dos séculos XIX e XX que marcou a gran parte dos galegos da época.

**Terceiro.-** Que o **CONSELLO DA CULTURA GALEGA** é unha institución asesora e representativa da cultura galega, de rango estatutario e que, por tanto, forma parte do armazón institucional da autonomía de Galicia, aínda que sexa un organismo independente das institucións de goberno. Creado en 1983, por mandato previsto no Estatuto de Autonomía de 1980, vén realizando desde a súa fundación traballos de análises e preservación dos valores culturais galegos, de asesoramento institucional e de proxección exterior da cultura galega.

Cun carácter de órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, ao Consello compéttelle a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Está composto por representantes de entidades, fundacións e por personalidades destacadas dos diversos campos da cultura galega.

**Cuarto.-** Entre as competencias do o **CONSELLO DA CULTURA GALEGA** están;

- a) Fomentar a lingua e a cultura galegas en canto a creacións orixinais do pobo galego, e entendidas non só como unha herdanza que cumpre conservar e transmitir, senón como un patrimonio que cada xeración debe mellorar.*
- b) Investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego, tentando facer accesible a toda a cidadanía de Galicia os produtos máis valiosos tanto da cultura propia como da universal.*
- c) Analizar aquelas cuestións que se refiran ao patrimonio cultural galego, nas súas diversas facetas e niveis, atendendo a súa preservación, ao seu estudo, á súa valorización e á súa difusión. [...]*
- e) Asesorar e consultar os poderes públicos da Comunidade Autónoma, especialmente a Xunta e o Parlamento de Galicia, así mesmo ás deputacións e concellos, e outras institucións.[...]”*

A todas estas competencias engádese a de proxección exterior da cultura galega, que engloba moitas das actividades propostas nas funcións anteriores.





**Quinto.-** O Consello da Cultura Galega creou o Arquivo da Emigración Galega como un departamento específico para recuperar a documentación xerada polas colectividades galegas no mundo ao longo da súa historia, co obxectivo de manter viva a memoria histórica da emigración galega.

Dentro desta liña de actuación o Consello da Cultura galega promoveu e organizou a exposición “Os Adeuses””, unha exposición itinerante composta por 51 imaxes en branco e negro do fotógrafo coruñés Alberto Martí que retratan o éxodo galego a América desde os portos da Coruña e Vigo e o retorno destas persoas durante o período que vai desde o 1957 ata o 1963.

**Sexto.-** Que a Fundación e o Consello da Cultura Galega, están interesadas en colaborar na exposición “GALICIA, UN RELATO NO MUNDO”, prestando atención especial ás culturas da emigración e a produción cultural producida no propio contexto da emigración, para que a súa mensaxe e o seu contido se transmita aos visitantes da exposición.

En virtude do anterior, as partes manifestan a súa vontade de asinar o presente convenio de colaboración que se rexerá con arranxo ás seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO**

O presente convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre ambas as institucións para promover a organización da exposición “GALICIA, UN RELATO NO MUNDO”, que permanecerá aberta ao público entre o 8 de novembro de 2019 e o 12 de abril de 2020, no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia, a cal prestará unha atención especial ás culturas da emigración e a produción cultural producida no propio contexto da emigración, entre outras temáticas presentes na mostra.

### **SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES**

Para a realización do obxecto do presente convenio, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA asume os seguintes compromisos:

1. Xestión e asunción dos custes derivados da contratación da coordinación xeral da mostra “Galicia, un relato no mundo”.
2. Elaboración e asunción dos custos, dunha proposta de Plan de Comunicación e Difusión de “Galicia, un relato no mundo”.
3. Deseño e produción ao seu cargo dos materiais de difusión, como invitacións, información para prensa e web, material audiovisual, etc., así como os que, no seu caso, se deriven da exhibición da exposición “Galicia, un relato no mundo”.
4. Organización e asunción dos custos derivados da inauguración da mostra, de ser necesario.
5. Colaboración para que parte dos fondos da exposición “Os adeuses”, promovida polo Consello da Cultura Galega poidan ser exhibidos no marco de “Galicia, un relato no mundo”. A exposición “Galicia, un relato no mundo”, prestará unha atención especial





ás culturas da emigración, a aquela produción cultural producida no propio contexto da emigración.

6. A Fundación promoverá a realización dunha experiencia virtual que recreará a despedida dun barco de emigrantes, na que poderán participar todos os visitantes da exposición. Tratarase dunha instalación en realidade virtual que recreará parte do universo da exposición “Os adeuses”, promovida polo Consello da Cultura Galega na actualidade. Con posterioridade á exposición “Galicia, un relato no mundo”, esta instalación poderá ser cedida ao Consello da Cultura Galega, se a dita institución estima de interese que esta experiencia virtual se inclúa en posteriores itinerancias da exposición “Os adeuses”, para o cal dirixirá petición á Fundación e se formalizará o acordo por escrito, sendo anexionado ao presente convenio.
7. A Fundación promoverá a realización dunha instalación interactiva vinculada á colección de discos de pizarra que dispón o Arquivo Sonoro de Galicia para a súa exhibición no marco de “Galicia, un relato no mundo”.
8. Compromiso de incluír e difundir a colaboración do CONSELLO DA CULTURA GALEGA en todo o material divulgativo e publicitario que edite.

O Museo Centro Gaiás conta coas condicións medioambientais óptimas para a conservación das obras; non obstante o anterior, as partes consensuarán as ditas condicións para os efectos de conservación das mesmas. En caso necesario, a xestión e asunción dos custos derivados da adquisición e/ou adaptación ou acondicionamento de vitrinas e/ou mobiliario nos que se acomodarán as obras, así como o material de iluminación existente.

Para a realización do obxecto do presente convenio, o CONSELLO DA CULTURA GALEGA asume os seguintes compromisos:

1. Colaboración coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia, permitindo o acceso aos fondos do Arquivo da Emigración Galega. Para elo, se establecerá unha estreita colaboración co comisario da exposición e a asesora especial para a diáspora, para a consulta dos fondos, así como para facilitar o seu préstamo posterior para a exposición.
2. Facilitar a obra relativa á exposición “Os Adeuses” a exhibir no marco de “Galicia, un relato no mundo”, así como todos os datos de medidas, conservación e manipulación, necesarios para a súa montaxe expositiva. En calquera caso, a Fundación solicitará os permisos precisos para a mostra das fotografías desta exposición.
3. Facilitar as fotografías das obras procedentes da súa colección, para a súa inclusión no catálogo e utilización na divulgación, que serán aportadas sen custe para a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA polo CONSELLO DA CULTURA GALEGA. A Fundación, xestionará os dereitos de explotación cos autores ou familiares aos que pertencen os dereitos das obras seleccionadas para a súa reprodución no catálogo e nos materiais de comunicación, difusión e didácticos que sexan necesarios, sempre no marco da dita exposición.
4. Colaboración para a realización dunha instalación en realidade virtual que recreará parte do universo da exposición “Os adeuses”, facilitando acceso aos fondos da dita exposición e asesorando sobre o contido da mesma. Esta instalación poderá ser obxecto de préstamo ao Consello da Cultura Galega, se a dita institución estima de interese que esta experiencia virtual se inclúa en posteriores itinerancias da exposición “Os adeuses”, para o cal dirixirá petición á Fundación e o acordo formalizarase por escrito, sendo anexionado ao presente convenio.





5. Préstamo dunha copia en formato dixital de discos de pizarra e dos metadatos asociados a ela, conservados ao Arquivo Sonoro de Galicia, para a realización dunha instalación interactiva vinculada a esa colección, así como para a súa reprodución sonora na exposición “Galicia, un relato no mundo”.

### **TERCEIRA.- FINANCIAMENTO**

Cada unha das partes financiarán os gastos derivados dos compromisos asumidos na cláusula segunda, con cargo aos seus orzamentos e a través dos seus propios medios e recursos materiais e humanos.

### **CUARTA.- TRIBUTOS**

Na execución do contido do presente convenio, cada parte soportará os tributos que sexan do seu cargo segundo a Lei.

### **QUINTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL**

O seguimento da execución do establecido no presente convenio realizarase mediante o intercambio da información entre as partes e a elaboración de informes de avaliación e de valoración dos resultados.

A Comisión de Seguimento do presente convenio estará integrada por un mínimo de un representante por cada unha das partes asinantes deste convenio. Os membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas que estes designen. Esta comisión estará presidida por un representante da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

### **SEXTA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO**

O presente convenio constitúe a manifestación expresa da vontade das partes en relación co seu obxecto e contido. Calquera modificación do mesmo deberá ser efectuada por escrito e asinada por ambas as partes.

### **SÉTIMA.- VIXENCIA E CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

O presente acordo entrará en vigor a partir da data da súa sinatura, e a súa vixencia estenderase ata o efectivo cumprimento das obrigas que asumen as partes no mesmo, clausura da exposición e a devolución á localización orixinal de ambas as coleccións.

Non cabe prórroga nin expresa nin tácita do convenio. Non obstante o anterior, o presente convenio poderá extinguirse en calquera momento por denuncia expresa de calquera das partes cun preaviso mínimo dun mes á data en que se desexe dalo por resolto.

Así mesmo, as partes poderán rescindir este convenio no caso de que unha delas incumpra as súas obrigas e se absteña de reparar o devandito incumprimento dentro dos quince (15) días seguintes ao aviso, notificación ou solicitude que a outra parte lle faga no sentido que proceda a cumprir a obriga motivo do requirimento. No seu caso, a parte incumpridora haberá de reparar os eventuais danos e prexuízos que por tal motivo houber causado á outra parte.

A resolución anticipada do presente acordo non afectará as actividades en curso.

### **OITAVA.- PUBLICIDADE**





**XUNTA  
DE GALICIA**

Fundación Cidade da Cultura de Galicia  
Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás  
15707, Santiago de Compostela  
T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 577  
cidade.cultura@xunta.gal  
www.cidadedacultura.gal



**FUNDACIÓN  
CIDADE  
DA CULTURA  
DE GALICIA**

**galicia**

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

#### **NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

As partes intervenientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPd) e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. A lexitimación para o tratamento dos seus datos será a execución do presente convenio.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

#### **DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO**

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- XURISDICIÓN**

As partes comprométense a buscar a resolución de calquera conflito ou incidencia que puidese xurdir na interpretación ou execución do presente convenio de común acordo.

En caso de que non puidese ser resolto como antecede, o presente convenio someterase á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asinano e rubricano por duplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

Pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Polo Consello da Cultura Galega

D<sup>a</sup>. Ana Isabel Vázquez Reboredo  
Directora Xerente

D<sup>a</sup>. Rosario Álvarez Blanco  
Presidenta

